

O PSdeG lembra que “o plan da Xunta para a FP no IES As Mercedes non é incompatible con ESO e BAC”

Os socialistas veñen de recibir resposta da Xunta á súa pregunta por escrito no Parlamento e reiteran que “hai alternativas en Lugo para a ampliación da oferta de ciclos formativos sen ter que eliminar o ensino medio dun centro exemplar”

O PSdeG vén de recibir resposta por escrito da Xunta á súa pregunta no Parlamento sobre os motivos da supresión dos estudos de ESO e BAC no IES As Mercedes de Lugo e as análises, estudos e datos nos que se basea esta decisión. Os argumentos do Goberno galego “non xustifican de ningún xeito a supresión arbitraria e sen planificación do ensino medio nun centro que é exemplar”, e que, ao contrario “debería ser un modelo a seguir para a integración de ESO e BAC con FP, que é o mellor xeito de impulsar a ensinanza de formación profesional entre os alumnos como unha saída de futuro”, di a deputada autonómica Concepción Burgo.

Desde o PSdeG afirman que a “ampliación de prazas e oferta de ciclos formativos” que argumenta a Xunta como motivo “non xustifica a eliminación de ESO e BAC de As Mercedes”, e lembran que “hai alternativas en Lugo” para facelo sen “desmantelar centros sen ningún tipo de criterio”. Así, por exemplo recordan que o Politécnico vén de ser convertido a centro integrado “tamén sen contar coa comunidade educativa e de xeito precipitado, e agora parece que non serve sen ter que repetir de novo os mesmos erros”, e que o centro de formación ocupacional de Montirón, que tamén depende da Xunta, ten instalacións renovadas que poden acoller parte desta oferta formativa. Ademais, As Mercedes ten capacidade para melloras de FP sen a eliminación do resto da oferta.

Por outra banda, os socialistas amosan a súa “sorpresa” pola argumentación da Xunta de que “esta decisión foi comunicada á dirección do centro, pasou polos órganos consultivos preceptivos e afrontouse varios meses antes” do final do curso. “A decisión foi comunicada cunha política de feitos consumados, sen o mínimo diálogo nin dereito á palabra da comunidade educativa, polo que é increíble que o Goberno galego trate de gabarse dun proceso unilateral e sen un estudo serio baseado nas necesidades educativas da zona”, critica Concepción Burgo. “É unha zona na que a demanda de ensinanza media está en crecemento. Se dentro duns meses a oferta educativa de ESO e BAC non é suficiente, que faremos, daremos volta atrás de novo ou construiremos de cero un novo centro?”, preguntase a parlamentaria.

De feito, lembra o PSdeG, a Xunta tiña un compromiso de investimento de 4 millóns de euros co IES As Mercedes para a mellora de ESO, BAC e FP. “Despois dese compromiso, o centro asumiu con recursos propios a mellora no aulario de ESO e BAC, investiu en novas aulas como a de música e dotounas de tecnoloxía. Agora pretenden dicirlles que todo isto é un investimento en balde e que xa non serve de nada?”, censura Burgo, que apunta ademais que os novos ciclos que pretende instaurar a Xunta no centro “sonan moi ben nos titulares que tanto lle gustan ao PP, pero carecen tamén de planificación en canto a recursos e non teñen aínda nin sequera un currículo para ser implantados”.